

A CAIXA DOS  
*Sorrisos*

LIBROS PARA LER,  
RIR E APRENDER

CANTA XENTE VAI E VÉN!  
A VILA NON SE DETÉN

CARMEN GIL  
DEBUXOS ÓSCAR T. PÉREZ



  
cumio



Os **semáforos** parecen  
árbores de tres cores.  
Sen roñar sempre obedecen  
os peóns e condutores.

Véxoas polas mañás.  
Destas árbores xa vellas  
colgan brillantes mazás  
marelas, verdes, vermellas.



Hai **coches** por todos lados  
e berran: «Piiiiii piii piii piii».  
Están súper enfadados:  
non poden saír de aquí!

Dona **Bicicleta** pasa  
atasco tan tremebundo  
e chega voando á casa.  
É a máis feliz do mundo!



Que **rañaceos** xigante!  
Plantado a carón da **rúa**  
parece moi arrogante  
querendo tocar a lúa.

Como todo o mundo sabe,  
na **azotea**, a miúdo,  
aterra coa súa nave  
un marciano melenudo.

